

Boas tardes,

En nome da Delegación en Galicia da AETSYS (Asociación Española de Trabajo Social e Saúde) é un honor participar e colaborar coa organización destas IV Xornadas de TS e Saúde “ Saúde, comunidade,.... Quero agradecer ao Comité Organizador, e no seu nome a Celsa Perdiz, Xefa de Servizo de Trabajo Social de Ourense-O Barco, e ao Colexio de Trabajo Social de Galicia, o inxente traballo que leva a organización e a acollida para que no día de hoxe para que todo saise ben.

Quero transmitir en nome de Luz Campello, as súas sinceiras disculpas por non poder estar hoxe aquí, mais a axenda como Vicepresidenta da AETSYS, que marcou neste caso o Ministerio de Sanidade, coa cita da primeira reunión co Secretario de Estado, Javier Padilla, as 13.30 do día de hoxe, e a trascendencia dos temas a tratar, como a consideración do TS como profesión sanitaria e o papel que podemos desenvolver no sistema nacional de saúde nos próximos anos, fillo imposible que estivese hoxe aquí.

Non en tanto, envioume o contido do discurso que tiña preparado para a clausura desta IV Xornada de TSeSaúde, en canto ao percorrido da sociedade científica na Delegación de Galicia.

Dende que se constitue, a AETSYS Galicia no ano 2018, fixemos un intenso percorrido no eido profesional e científico, cunha incidencia e visibilización nas políticas públicas da Consellería de Sanidade, e consecuentemente no fortalecemento da profesión do TSS.

**Interlocución coa Consellería** e fortalecemento da profesión no Sergas e Consellería de Sanidade: mediante reunións presenciais e escritos formais, en alianza co COTSG para que se nombrasen xefaturas de Servizo en todas as áreas sanitarias, obxectivo que practicamente se conseguiu, co recente

nombramento de Coordinadora de TS na área de Ferrol, a única área que quedaba sen xefatura. **Reunións** onde transmitimos as fortalezas e potencialidades que temos como colectivo profesional, o noso aporte ao sistema galego de saúde e as necesidades que temos.

Xa no 2018 **campaña**, AAETSYS, xunto co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, **na defensa do Traballo Social Sanitario e a súa dependencia das Xerencias**, ante o “Proxecto de Decreto polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia” que nos ubican en Admisión, que non se chega a implementar en gran medida pola nosa fundamentación e mobilización en contra.

#### **Participación en Comisións e Consellos da consellería de Sanidade:**

tales como o Consello Galego de Atención Primaria da Consellería de Sanidade.

Beatriz Aranzazu Soto Caba, Laura Vázquez López

- Na Comisión do Novo Modelo de Atención Primaria. Consellería de Sanidade.

Laura Vázquez López, e en comisións sectoriais (Carteira de Servizos. Laura Vázquez, Mapa de competencias profesionais, eu mesma, Mellora da

Coordinación entre os niveis de Atención Primaria e Especializada. Isabel

Sánchez Fernández e Fortalecemento das actividades de promoción, prevención e intervención comunitaria. Isabel Redondo.

**Elaboración Mapa de Traballadoras/es Sociais Saúde de Galicia** (AP, Atención Especializada, Saúde Mental, COF, pasando dun total de --- en 2020 a ---- en 2024

**Colaboración na elaboración de documentos técnicos da AETSYS**, como , “O TRABALLO SOCIAL SANITARIO ANTE A EMERXENCIA SANITARIA

DECRETADA POLA PANDEMIA DO COVID-19”, e O TRABALLO SOCIAL SANITARIO NA DESESCALADA DO CONFINAMENTO POR COVID-19” - DECÁLOGO DA DESESCALADA, onde participa a Delegada.

**Xornadas científicas**, como a celebrada na Facultade de Traballo Social da Universidade Complutense de Madrid (2021) O TRABALLO SOCIAL SANITARIO: DA XESTIÓN Á HUMANIZACIÓN AO FINAL DA VIDA” , onde participamos 3 Xefas de Servizo da CCAA de Galicia, a Delegada como moderadora e Chus Lago Vilaboa e eu mesma como ponentes. **I Xornadas Intercolexiais** de Traballo Social Sanitario: “As xefaturas, unha realidade no Traballo Social Sanitario” Organizadas polo Consello Xeral de Traballo Social e Colexio de Aragón, Zaragoza 2022, relatora a Delegada.

Contribución **ás políticas sanitarias** aportando o contido social e garantindo que a profesión se visibilice:

- Carta dirixida ao Conselleiro e ao Comité de Garantías (xunto co COTSG) sobre a necesidade do Traballo Social Sanitario na Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia (DECRETO 101/2021, do 8 de xullo) e no Protocolo de o procedemento para a Realización de Axudas a Morrer (PAM) da Comunidade Autónoma de Galicia. (2021),

**Consulta, petición de aportes, revisión de expertos e avales científicos** de documentos elaborados polo Sergas e a Consellería de Sanidade, participando nos seguintes:

– Documento marco do Proceso de Atención Integrada á enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC), .

- PAN GALEGO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA, 2023-2027,

- Anteproxecto de Decreto de ordenación das comisións asistenciais e comités técnicos sanitarios das Áreas Sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia,
- Estratexia Galega de Saúde 2030,
- Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de conductas adictivas de Galicia”
- Plan gallego de atención domiciliaria en Atención Primaria 2023-2027.

**Celebración do XIV Congreso Nacional de TS e Saúde e I Encontro Ibérico de TSS celebrado na Coruña no 2023**, coa participación de 13 traballadoras sociais da AETSYS-Galicia entre o comité científico, o comité organizador e a Presidencia das mesmas, coa consecución de máis de 50 inscricións de balde de TSS a través das 7 áreas sanitarias, ademais das becas que concedeu o colexio profesional de TS de Galicia ao que agradecemos enormemente a súa labor e a súa contribución ao TSS, en especial á TSS Miriam R. Sierra na súa representación como Presidenta do mesmo.

Coincidindo esta IV Xornada Galega de TS e Saúde co 1º aniversario do XIV Congreso Nacional, queremos celebralo coa publicación das Conferencias en aberto (you tube) , xa que queremos que unha das liñas de traballo da AETSYS sexa a divulgación do coñecemento científico.

E para finalizar, darvos as grazas en nome da Delegada e Vicepresidenta da AETSYS, Luz Campello García, e no meu propio, grazas a todos e a todas por participar nesta Xornada “Saúde, comunidade,... .... que estamos a clausurar, anímovos a asociarvos na sociedade científica AETSYS e a participar con nós na construción de máis profesión de TSS, temos por diante grandes retos polos que traballar, e precisamos do apoio e da participación colectiva de todos e todas vós. GRAZAS, IMOS A POLA CONSIDERACIÓN DE PROFESIÓN SANITARIA!